

PROGRAMACIÓN DE LATÍN



CURSO 2021/2022

ÍNDICE

A) INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN	3
B) OBXECTIVOS	4
C) CONTIDOS. CRITERIOS DE AVALIACIÓN. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES. CONTRIBUTIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. TEMPORALIZACIÓN. GRAO MÍNIMO DE COÑECEMENTOS PARA SUPERAR A MATERIA.....	4
D) CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO	20
E) INDICADORES DE LOGRO.....	22
F) CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS.....	23
G) MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.....	25
H) MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	26
I) AVALIACIÓN INICIAL.....	26
L) ELEMENTOS TRANSVERSAIS.....	27
M) ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	28
N) MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN	28
O) APROBACIÓN POLO DEPARTAMENTO	29

A materia de Latín foi asignada novamente neste curso 2021/2022 ao Departamento de Lingua Galega e Literatura e neste curso será impartida pola profesora Amelia Rodrigues Esteves.

A) INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

En Novembro do 2013, o Congreso dos Deputados aprobou a Lei Orgánica 8/2013 do 9 de decembro para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) publicada no Boletín Oficial do Estado o 10 de decembro do 2013. A nova lei non substitúe, senón que modifica o texto da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio de Educación (LOE).

Hai tres ámbitos nos que a LOMCE fai especial incidencia con vistas á transformación do sistema educativo: as tecnoloxías da información e a comunicación, o fomento do plurilingüismo e a modernización da Formación Profesional.

O Decreto 86/2015 establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

A organización do currículo en bloques e as secuencias deste non indican xerarquía na aprendizaxe; estas deben ser abordadas desde enfoques comunicativos, globalizadores e interdisciplinares que teñan en conta a transversalidade da aprendizaxe baseada en competencias.

O traballo por proxectos resulta especialmente relevante para a aprendizaxe por competencias, xa que permite aplicar a contextos da vida real as aprendizaxes realizadas e motiva para aprender máis.

A integración das TIC debe ir acompañada dun cambio metodolóxico que oriente a aprendizaxe da lingua de cara a unha mellora dos usos comunicativos, evitando prácticas centradas na análise e descrición das unidades lingüísticas descontextualizadas.

Nas decisións metodolóxicas deben terse en conta a atención a diversidade e a consideración de distintos ritmos e estilos de aprendizaxe do alumnado.

En canto a avaliación, é recomendable a utilización de diferentes técnicas ademais das probas específicas.

Finalmente, a situación da sociedade multilingüe na que vivimos solicita un enfoque metodolóxico de carácter plurilingüe que potencie o desenvolvemento comunicativo do alumnado con independencia da diferenza de fins e niveis de dominio con que as utilicen. Isto implica un tratamento integrado das linguas que o alumnado está a aprender na escola.

Actualmente xa está en funcionamento o novo currículo co motivo da implantación da LOMCE. Enténdese por currículo a regulación dos elementos que determinan os procesos de ensinanza e aprendizaxe. Comprende:

- Os OBXECTIVOS de cada ensinanza e etapa educativa.
- As COMPETENCIAS ou capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa.
- Os CONTIDOS, conxunto de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos e á adquisición de competencias.

- A METODOLOXÍA didáctica que comprende tanto a descrición das prácticas docentes como a organización do traballo dos docentes.
- Os ESTÁNDARES ou resultados de aprendizaxe avaliábeis.
- Os CRITERIOS de avaliación do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos.

Tradicionalmente non existe unha demanda moi grande da impartición desta materia, e neste curso só cinco alumnas seleccionaron esta optativa.

Para a contextualización do centro e da contorna pódese consultar a programación de Lingua e Literatura Galega.

B) **OBXECTIVOS**

1. Comprender textos latinos en contextos onde o sentido sexa facilmente deducible.
2. Identificar e relacionar elementos morfolóxicos, sintácticos e léxicos da lingua latina que permitan a análise e a tradución de textos moi sinxelos.
3. Desenvolver os hábitos de organización, traballo e disciplina no estudo a partir dos mecanismos de estruturación mental que implica o proceso de análise e tradución de textos latinos.
4. Mellorar a lectura comprensiva e a expresión oral e escrita mediante o coñecemento do vocabulario e as estruturas gramaticais latinas.
5. Coñecer a orixe e evolución das linguas romances para valorar os trazos comúns e a diversidade lingüística como mostra da riqueza cultural dos pobos de Europa.
6. Utilizar as regras fundamentais de evolución fonética do latín ás linguas romances e identificar palabras patrimoniais, cultismos e expresións latinas en diferentes contextos lingüísticos.
7. Entender o significado do léxico común de orixe grecolatina da propia lingua e comprender vocabulario culto, científico e técnico a partir dos seus compoñentes etimolóxicos.
8. Reflexionar sobre os elementos formais e as estruturas lingüísticas das linguas romances coñecidas polo alumno, a través da comparación co latín, modelo de lingua flexiva.
9. Coñecer os aspectos relevantes da cultura e da civilización romanas, utilizando diversas fontes de información e diferentes soportes, para identificar e valorar a súa continuidade no noso patrimonio cultural, artístico e institucional.

C) **CONTIDOS POR UNIDADES. CRITERIOS DE AVALIACIÓN. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIÁBEIS. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. TEMPORALIZACIÓN. GRAO MÍNIMO DE COÑECEMENTOS PARA SUPERAR A MATERIA**

Competencias clave (CC):

- comunicación lingüística (CCL),
- competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT),
- competencia dixital (CD),
- aprender a aprender (CAA),
- competencias sociais e cívicas (CSC),
- sentido de iniciativa e espírito emprendedor (SIEP) e
- conciencia e expresións culturais (CEC).

UNIDADE 1

Contidos	Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliábles	CC
<p>A historia da lingua latina.</p> <p>- Coñecemento da orixe e as principais fases da historia da lingua latina.</p>	<p>Situar a lingua latina histórica e xeneticamente.</p> <p>Valorar a historia das linguas como orixe de diversidade e cultura da sociedade actual.</p>	<p>Recoñece a orixe da lingua latina e as principais fases da súa historia.</p>	<p>CCL, CSC CEC</p>
<p>A historia da escritura. O alfabeto latino.</p> <p>- Coñecemento da historia da escrita e do alfabeto latino, da súa pronuncia e principais normas fonéticas, a acentuación do latín e o uso das grafías como números romanos.</p> <p>Interese polo coñecemento da historia da escrita e do alfabeto latino como instrumento de cultura e unidade entre pobos.</p>	<p>Coñecer a historia da escrita e do alfabeto latino e a súa clasificación, a acentuación do latín e o uso das grafías como números romanos.</p>	<p>Coñece as fases da historia da escrita e do alfabeto latino, a súa pronuncia e as súas principais regras fonéticas, a acentuación do latín e o uso das grafías como números romanos.</p>	<p>CCL CAA SIEP CEC</p>
<p>A formación do léxico nas linguas romances.</p> <p>- Coñecemento do concepto de evolución nas linguas, dos conceptos de palabra patrimonial, cultismo e semicultismo, de composición e derivación e do concepto de latinismo.</p>	<p>Coñecer o concepto de evolución fonética, de palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos, os conceptos de composición e derivación e o significado do concepto de latinismo.</p>	<p>Recoñece os conceptos de evolución fonética, palabra patrimonial, cultismo e semicultismo, composición, derivación e latinismo.</p>	<p>CCL CSC CAA CEC</p>

Temporalización: setembro.

Grao mínimo de consecución para superar a materia:

- O alfabeto latino.
- Concepto de evolución nas linguas: palabra patrimonial e cultismo.

• UNIDADE 2

Contidos	Craterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliábeles	CC
<p>Roma, cidade eterna.</p> <ul style="list-style-type: none"> - A localización de Roma. - Localización xeográfica de Roma en Italia. - A fundación de Roma. - Localización histórica da fundación de Roma. - Coñecemento da lenda da súa fundación. 	<p>Situar a cidade de Roma no seu contexto xeográfico e histórico.</p> <p>Valorar a xeografía como elemento clave na historia.</p>	<p>Sabe situar Roma xeográfica e historicamente e analiza criticamente as distintas influencias que o xeográfico e o histórico ou lendario tiveron na cidade de Roma.</p>	<p>CCL CMCT CD CAA CSC CEC</p>
<p>A lingua latina.</p> <ul style="list-style-type: none"> - As palabras: As clases de palabras. Palabras variables e invariables. As partes da palabra. O xénero, o número e o caso. - Distinción das palabras variables e invariables. - Identificación das partes que compoñen unha palabra. <p>Recoñecemento das categorías gramaticais que afectan a nomes latinos.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Os casos latinos: Os casos e as declinacións en latín. - Recoñecemento dos casos latinos e as súas funcións e identificación das cinco declinacións latinas. - A primeira declinación: A primeira declinación latina. - Identificación das palabras da primeira declinación, das súas desinencias e das súas funcións na oración. Enunciado de palabras da primeira declinación. - A tradución. Aplicación correcta dos coñecementos morfolóxicos na tradución de oracións sinxelas. 	<p>Coñecer as clases de palabras, a súa estrutura, as categorías gramaticais dos nomes latinos.</p> <p>Identificar os casos latinos e a súa función, así como as cinco declinacións latinas.</p> <p>Coñecer a morfoloxía da primeira declinación e aplicar o seu coñecemento na tradución de textos.</p> <p>Aplicar correctamente os coñecementos lingüísticos da unidade na tradución e retroversión de oracións sinxelas latinas.</p>	<p>Coñece as clases de palabras, identifica os seus compoñentes e as categorías gramaticais que afectan ao nome.</p>	<p>CCL CMCT</p>
		<p>Recoñece os casos latinos e identifica a súa función. Recoñece as cinco declinacións latinas polas súas marcas morfolóxicas.</p>	<p>CCL CMCT CAA CSC SIEP CCL CMCT</p>
		<p>Identifica as palabras latinas da primeira declinación polo seu tema e enunciado.</p> <p>Recoñece as desinencias casuais da primeira declinación e as funcións que desempeñan.</p> <p>Sabe enunciar palabras da primeira declinación.</p>	<p>CCL CD CAA CSC SIEP CEC</p>

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE LATÍN 2021/2022

		Aplica correctamente os coñecementos lingüísticos estudados ata o momento na tradución de oracións latinas e a retroversión.	CCL CMCT CD CAA CSC SIEP CEC
<p>O léxico latino.</p> <ul style="list-style-type: none"> - As palabras latinas: Substantivos da primeira declinación. - Identificación, definición e clasificación do léxico da 1ª declinación estudado na unidade e identificación da súa relación semántica ou léxica con termos da propia lingua ou de linguas romances. - Valoración do coñecemento do léxico latino para o coñecemento da orixe do léxico da propia lingua e o seu uso correcto (ortográfico, semántico, etc.). - Latinismos: Estudo de latinismos de uso frecuente 	<p>Coñecer o léxico latino da primeira declinación e a súa achega ao léxico da lingua materna do alumnado e doutras linguas modernas.</p> <p>Coñecer os latinismos de uso frecuente.</p> <p>Coñecer a evolución fonética do latín ao castelán, catalán e galego.</p> <p>Identificar e coñecer o significado que achegan os principais prefixos de orixe latina no léxico da propia lingua.</p>	Coñece o léxico latino da 1ª declinación estudado na unidade e identifica a súa relación semántica ou léxica co léxico da propia lingua ou doutras linguas romances.	CCL CMCT CAA SIEP CEC
		Emprega correctamente os latinismos estudados na lingua propia.	CCL CMCT CAA SIEP CEC
<p>Aprende a traducir.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Recoñecemento e aplicación de pautas para a tradución de textos latinos. 	Recoñecer e aplicar pautas para a tradución de textos latinos.	Recoñece e aplica correctamente as pautas para a tradución de textos latinos estudadas.	CCL CAA SIEP CEC

Temporalización: outubro.

Grao mínimo de consecución para superar a materia:

- A morfoloxía nominal latina e a flexión casual.
- A morfoloxía verbal latina.

UNIDADE 3

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<p>Historia de Roma.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Recoñecemento do marco histórico de Roma e dos seus principais períodos. - Interese pola historia de Roma como parte esencial da propia historia. 	<p>Coñecer o marco histórico xeral da historia de Roma.</p>	<p>Sabe situar cronoloxicamente a historia de Roma, os seus principais períodos e personaxes.</p>	<p>CCL CMCT CD CAA CSC CEC</p>
<p>A lingua latina.</p> <ul style="list-style-type: none"> - A segunda declinación. Os substantivos. - Identificación das palabras da segunda declinación, das súas desinencias e das súas funcións na oración. Enunciado de palabras da segunda declinación. - Os adxectivos 2-1-2. - Identificación dos adxectivos 2-1-2 latinos, da súa morfoloxía e das súas funcións na oración. Enunciado de adxectivos 2-1-2. Interese polo coñecemento da morfoloxía e valoración do seu coñecemento para un mellor uso da propia lingua. - A tradución: <ul style="list-style-type: none"> - Aplicación correcta dos coñecementos morfolóxicos na tradución directa e inversa de oracións sinxelas, con especial interese na concordancia. 	<p>Coñecer a morfoloxía da segunda declinación e aplicar o seu coñecemento na tradución de textos.</p> <p>Coñecer a morfoloxía dos adxectivos 2-1-2 e a súa concordancia.</p> <p>Aplicar correctamente os coñecementos lingüísticos da unidade na tradución e retroversión de oracións sinxelas latinas, especialmente no relativo á concordancia.</p>	<p>Identifica as palabras latinas da segunda declinación polo seu tema e enunciado.</p> <p>Recoñece as desinencias casuais da segunda declinación e as funcións que desempeñan.</p> <p>Sabe enunciar palabras da segunda declinación.</p>	<p>CCL CMCT, CD, CAA, CSC, SIEP, CEC</p>
		<p>Identifica os adxectivos latinos 2-1-2 pola súa morfoloxía e o seu enunciado.</p> <p>Recoñece as desinencias casuais dos adxectivos 2-1-2 e as funcións que desempeñan na oración.</p> <p>Identifica a concordancia do adxectivo. Sabe enunciar adxectivos 2-1-2.</p>	<p>CCL, CMCT, CD, CAA, CSC, SIEP, CEC</p>
		<p>Aplica correctamente os coñecementos lingüísticos estudados ata o momento na tradución de oracións latinas e a retroversión.</p>	<p>CCL, CMCT, CD, CAA, CSC, SIEP, CEC</p>

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE LATÍN 2021/2022

<p>O léxico latino.</p> <ul style="list-style-type: none"> - As palabras latinas: Substantivos da segunda declinación e adxectivos 2-1-2. - Identificación, definición e clasificación do léxico da segunda declinación e dos adxectivos 2-1-2 estudados na unidade e identificación da relación semántica ou léxica con termos da propia lingua ou de linguas romances. - Latinismos: Estudo de latinismos de uso frecuente. - Definición e emprego correcto na propia lingua dos latinismos estudados. 	<p>Coñecer léxico latino da segunda declinación, así como adxectivos 2-1-2 e a súa achega ao léxico da lingua materna do alumnado e doutras linguas modernas.</p> <p>Coñecer os latinismos de uso frecuente.</p>	<p>Coñece o léxico latino da segunda declinación e dos adxectivos 2-1-2 estudados na unidade e identifica a súa relación semántica ou léxica co léxico da propia lingua ou doutras linguas romances.</p>	<p>CCL, CMCT, CAA, SIEP, CEC</p>
		<p>Emprega correctamente os latinismos estudados na lingua propia.</p>	<p>CCL, CMCT, CAA, SIEP, CEC</p>

Temporalización: novembro-décembro

Grao mínimo de consecución para superar a materia:

- Recoñecemento do marco histórico de Roma.
- Substantivos da segunda declinación e adxectivos 2-1-2.

UNIDADE 4

Contidos	Cráterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliábeis	CC
<p>Hispania, unha provincia romana.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Recoñecemento dos principais aspectos da romanización de Hispania: a conquista da península, a organización política, social e económica resultante e a súa pegada artística. 	<p>Coñecer os principais elementos da romanización de Hispania: a súa conquista, a organización política, social e económica, así como a pegada artística.</p>	<p>Recoñece o proceso de romanización de Hispania, tanto na súa conquista, como na organización política, social e económica, e nas pegadas artísticas</p>	<p>CCL, CMCT, CD, CAA, CSC, CEC</p>
<p>A lingua latina.</p> <ul style="list-style-type: none"> - As conxugacións latinas. - Identificación das conxugacións latinas a través do seu enunciado. - O presente de indicativo. - Identificación da morfoloxía do presente de indicativo activo, o tema de presente, as desinencias persoais e o seu uso. <p>As preposicións de lugar.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Recoñecemento das principais preposicións de lugar (dirección, situación e procedencia), os seus significados e o seu emprego. <p>A tradución</p> <ul style="list-style-type: none"> - Aplicación correcta dos coñecementos morfolóxicos na tradución directa e inversa de oracións sinxelas, con especial interese na morfoloxía e sintaxe verbal e das preposicións de lugar. 	<p>Identificar as conxugacións latinas a través do seu enunciado.</p> <p>Coñecer a morfoloxía do presente de indicativo latino (desinencias persoais e morfoloxía do presente de indicativo).</p> <p>Recoñecer a forma e uso das principais preposicións de dirección, situación e procedencia.</p> <p>Aplicar correctamente os coñecementos lingüísticos da unidade na tradución e retroversión de oracións sinxelas latinas.</p>	<p>Coñece e identifica as conxugacións latinas a partir do seu enunciado.</p> <p>Coñece e identifica a formación do presente de indicativo activo.</p>	<p>CCL, CMCT, CD, CAA</p>
		<p>Coñece a tradución e uso do presente de indicativo activo.</p>	<p>CSC, SIEP, CEC</p>
		<p>Recoñece as principais preposicións de lugar estudadas na unidade, o seu significado e o seu emprego.</p>	<p>CCL, CMCT, CD, CAA, CSC, SIEP, CEC</p>

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE LATÍN 2021/2022

		Aplica correctamente os coñecementos lingüísticos estudados ata o momento na tradución de oracións latinas e a retroversión.	CCL, CMCT, CD, CAA, CSC, SIEP, CEC
<p>O léxico latino.</p> <p>- As palabras latinas: Verbos.</p> <p>- Identificación, definición e clasificación do léxico de verbos estudado na unidade e identificación da relación semántica ou léxica con termos da propia lingua ou de linguas romances.</p> <p>- Latinismos: Estudo de latinismos de uso frecuente.</p> <p>- Definición e emprego correcto na propia lingua dos latinismos estudados</p> <p>- A creación de novos termos: Principais lexemas de orixe latina.</p>	<p>Coñecer léxico latino de verbos e a súa achega ao léxico da lingua materna do alumnado e doutras linguas modernas.</p> <p>Coñecer os latinismos de uso frecuente.</p> <p>Identificar e coñecer o significado que achegan os principais lexemas de orixe latina no léxico da propia lingua.</p>	Coñece o léxico latino de verbos estudado na unidade e identifica a súa relación semántica ou léxica co léxico da propia lingua ou doutras linguas romances.	CCL, CMCT, CAA, SIEP, CEC
		Emprega correctamente os latinismos estudados na lingua propia.	CCL, CMCT, CAA, SIEP, CEC
		Identifica os lexemas de orixe latina estudados no léxico da súa propia lingua e coñece o significado que achegan.	CCL, CMCT, CAA, SIEP, CEC

Temporalización: xaneiro.

Grao mínimo de consecución para superar a materia:

- O presente de indicativo.
- As preposicións de lugar.

UNIDADE 5

Contidos	Cráterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliábeis	CC
<p>A sociedade romana.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Coñecemento da organización social de Roma, as súas clases sociais e as súas principais características. 	<p>Coñecer a organización social da sociedade romana e as súas principais características.</p>	<p>Recoñece as clases sociais de Roma e as súas principais características.</p>	<p>CCL, CMCT, CD, CAA, CSC, CEC</p>
<p>A lingua latina.</p> <ul style="list-style-type: none"> - A terceira declinación: temas en consonante. - Identificación das palabras da terceira declinación temas en consonante, das súas desinencias e das súas funcións na oración. - Organización social de Roma. - Identificación da morfoloxía do imperfecto de indicativo activo e o seu uso. <p>As oracións compostas: coordinadas.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Distinción dos tipos de oracións e recoñecemento das principais oracións coordinadas e os seus nexos. <p>A tradución:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Aplicación correcta dos coñecementos morfolóxicos na tradución directa e inversa de oracións sinxelas. 	<p>Coñecer a morfoloxía da terceira declinación, temas en consonante e aplicar o seu coñecemento na tradución de textos.</p> <p>Coñecer a morfoloxía do imperfecto de indicativo activo latino e a súa tradución.</p> <p>Recoñecer os tipos de oracións e as principais oracións coordinadas e os seus nexos.</p> <p>Aplicar correctamente os coñecementos lingüísticos da unidade na tradución e retroversión de oracións sinxelas latinas.</p>	<p>Identifica as palabras latinas da terceira declinación (temas en consonante) polo seu tema e enunciado.</p> <p>Recoñece as desinencias casuais da terceira declinación e as funcións que desempeñan.</p>	<p>CCL, CMCT, CD, CAA, CSC, SIEP, CEC</p>
		<p>Coñece e identifica a formación do imperfecto de indicativo activo.</p> <p>Coñece a tradución e uso do imperfecto de indicativo activo.</p>	<p>CCL, CMCT, CD, CAA, CSC, SIEP, CEC</p>
		<p>Recoñece as principais oracións coordinadas latinas e os seus nexos.</p>	<p>CCL, CMCT, CD, CAA, CSC, SIEP, CEC</p>
		<p>Aplica correctamente os coñecementos lingüísticos estudados ata o momento na tradución de oracións latinas.</p>	<p>CCL, CMCT, CD, CAA, CSC, SIEP, CEC</p>

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE LATÍN 2021/2022

<p>O léxico latino.</p> <ul style="list-style-type: none"> - As palabras latinas: Substantivos da terceira declinación. - Identificación, definición e clasificación do léxico de substantivos da terceira declinación latina estudado na unidade e identificación da relación semántica ou léxica con termos da propia lingua ou de linguas romances. - Con palabras latinas: Estudo de latinismos de uso frecuente. 	<p>Coñecer léxico latino da terceira declinación e a súa achega ao léxico da lingua materna do alumnado e doutras linguas modernas.</p> <p>Coñecer os latinismos de uso frecuente.</p> <p>Coñecer a evolución fonética do latín ao castelán, catalán e galego.</p>	<p>Coñece o léxico latino de substantivos da terceira declinación estudado na unidade e identifica a súa relación semántica ou léxica co léxico da propia lingua ou doutras linguas romances.</p>	<p>CCL, CMCT, CAA, SIEP, CEC</p>
		<p>Emprega correctamente os latinismos estudados na lingua propia.</p>	<p>CCL, CMCT, CAA, SIEP, CEC</p>

Temporalización: febreiro.

Grao mínimo de consecución para superar a materia:

- A organización social de Roma.
- A terceira declinación: temas en consonante.
- O imperfecto de indicativo activo.

UNIDADE 6

Contidos	Cráterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliábeis	CC
<p>A organización política.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Coñecemento das principais maxistraturas romanas, do Senado e as asembleas como base da organización política de Roma. 	<p>Coñecer as principais maxistraturas romanas, o Senado e as asembleas.</p>	<p>Recoñece as principais maxistraturas romanas, composición e atribucións do Senado e os tipos de asembleas.</p>	<p>CCL, CMCT, CD, CAA, CSC, CEC</p>
<p>A lingua latina.</p> <ul style="list-style-type: none"> - A terceira declinación: temas en -i. - Identificación das palabras da terceira declinación temas en -i, das súas desinencias e das súas funcións na oración. <p>O futuro imperfecto activo.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Identificación da morfoloxía do futuro imperfecto activo e o seu uso. <p>A tradución:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Aplicación correcta dos coñecementos morfolóxicos na tradución directa e inversa de oracións sinxelas, con especial interese na morfoloxía e sintaxe verbal e das preposicións de lugar. 	<p>Coñecer a morfoloxía da terceira declinación, temas en -i e aplicar o seu coñecemento na tradución de textos.</p> <p>Coñecer a morfoloxía do futuro imperfecto activo latino e a súa tradución.</p> <p>Aplicar correctamente os coñecementos lingüísticos da unidade na tradución e retroversión de oracións sinxelas latinas.</p>	<p>Identifica as palabras latinas da terceira declinación (temas en -i) polo seu tema e enunciado.</p> <p>Recoñece as desinencias casuais da terceira declinación e as funcións que desempeñan.</p>	<p>CCL, CMCT, CD, CAA, CSC, SIEP, CEC</p>
		<p>Coñece e identifica a formación do futuro imperfecto activo.</p> <p>Coñece a tradución e uso do futuro imperfecto activo.</p>	<p>CCL, CMCT, CD, CAA, CSC, SIEP, CEC</p>
		<p>Aplica correctamente os coñecementos lingüísticos estudados ata o momento na tradución de oracións latinas e a retroversión.</p>	<p>CCL, CMCT, CD, CAA, CSC, SIEP, CEC</p>
<p>O léxico latino.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Vocabulario: Substantivos da terceira declinación. - Identificación, definición e clasificación do léxico de substantivos da terceira declinación latina estudado na unidade e identificación da relación semántica ou léxica con termos da propia lingua ou de linguas romances. - Latinismos: Estudo de latinismos de uso frecuente. 	<p>Coñecer léxico latino da terceira declinación e a súa achega ao léxico da lingua materna do alumnado e doutras linguas modernas.</p> <p>Coñecer os latinismos de uso frecuente.</p> <p>Coñecer a evolución fonética do latín ao castelán, catalán e galego.</p> <p>Identificar e coñecer o significado que achegan os principais lexemas latinos no léxico da propia lingua.</p>	<p>Coñece o léxico latino de substantivos da terceira declinación latina estudado na unidade e identifica a súa relación semántica ou léxica co léxico da propia lingua ou doutras linguas romances.</p>	<p>CCL, CMCT, CAA, SIEP CEC</p>
		<p>Emprega correctamente os latinismos estudados na lingua propia.</p>	<p>CCL, CMCT, CAA, SIEP CEC</p>

Temporalización: marzo.

Grao mínimo de consecución para superar a materia:

- Coñecemento das principais maxistraturas romanas.
- A terceira declinación: temas en -i.
- O futuro imperfecto activo.

UNIDADE 7

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<p>O exército romano.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Coñecemento da organización do exército romano en canto á súa composición, gradación, regulamento, retribucións e estratexia. 	<p>Coñecer a organización do exército romano e a súa estratexia.</p>	<p>Recoñece os principais aspectos organizativos do exército romano e as súas estratexias.</p>	<p>CCL, CMCT, CD, CAA, CSC, CEC</p>
<p>A lingua latina.</p> <ul style="list-style-type: none"> - A cuarta e quinta declinación. - Identificación das palabras da cuarta e a quinta declinación, das súas desinencias e das súas funcións na oración. - O enunciado do verbo. Os temas verbais. - Coñecemento do enunciado do verbo latino e identificación dos temas de presente e perfecto no mesmo. - O pretérito perfecto de indicativo activo. - Identificación da morfoloxía do pretérito perfecto de indicativo activo e o seu uso. <p>A tradución:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Aplicación correcta dos coñecementos morfolóxicos na tradución directa e inversa de oracións sinxelas, con especial interese na morfoloxía e sintaxe verbal e das preposicións de lugar. 	<p>Coñecer a morfoloxía da cuarta e a quinta declinación e aplicar o seu coñecemento na tradución de textos.</p> <p>Coñecer o enunciado do verbo latino e identificar o seu tema de presente e perfecto a partir del.</p> <p>Coñecer a morfoloxía do perfecto de indicativo activo latino e a súa tradución.</p> <p>Aplicar correctamente os coñecementos lingüísticos da unidade na tradución e retroversión de oracións sinxelas latinas.</p>	<p>Identifica as palabras latinas da cuarta e quinta declinación polo seu tema e enunciado.</p> <p>Recoñece as desinencias casuais da cuarta e quinta declinación e as funcións que desempeñan.</p>	<p>CCL, CMCT, CD, CAA, CSC, SIEP, CEC</p>
		<p>Coñece o enunciado dos verbos latinos e identifica os temas de presente e perfecto nel.</p>	<p>CCL, CMCT, CD, CAA, CSC, SIEP, CEC</p>
		<p>Coñece e identifica a formación do pretérito perfecto de indicativo activo. Coñece a tradución e uso do perfecto de indicativo activo.</p>	<p>CCL, CMCT, CD, CAA, CSC, SIEP, CEC</p>
		<p>Aplica correctamente os coñecementos lingüísticos estudados ata o momento na tradución de oracións latinas e a retroversión.</p>	<p>CCL, CMCT, CD, CAA, CSC, SIEP, CEC</p>

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE LATÍN 2021/2022

<p>O léxico latino.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Vocabulario: Substantivos da cuarta e quinta declinación. - Identificación, definición e clasificación do léxico de substantivos da cuarta e quinta declinación latina estudado na unidade e identificación da relación semántica ou léxica con termos da propia lingua ou de linguas romances. - Latinismos: Estudo de latinismos de uso frecuente. 	<p>Coñecer léxico latino da cuarta e a quinta declinación e a súa achega ao léxico da lingua materna do alumnado e doutras linguas modernas.</p> <p>Coñecer os latinismos de uso frecuente.</p>	<p>Coñece o léxico latino de substantivos da cuarta e quinta declinación latina estudado na unidade e identifica a súa relación semántica ou léxica co léxico da propia lingua ou doutras linguas romances.</p>	<p>CCL, CMCT, CAA, SIEP, CEC</p>
		<p>Emprega correctamente os latinismos estudados na lingua propia.</p>	<p>CCL, CMCT, CAA, SIEP, CEC</p>

Temporalización: abril.

Grao mínimo de consecución para superar a materia:

- O exército romano.
- A cuarta e quinta declinación.
- O pretérito perfecto de indicativo activo.

UNIDADE 8

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliábeis	CC
<p>A relixión en Roma.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Coñecemento das principais características da relixión romana, os seus cultos e divindades. 	<p>Coñecer as principais características da relixión romana, os seus cultos e divindades.</p>	<p>Recoñece as principais características da relixión en Roma, os seus tipos de culto e as divindades.</p>	<p>CCL, CD, CAA, CSC, CEC</p>
<p>A lingua latina.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Os pronomes demostrativos. - Identificación dos pronomes demostrativos (forma e significado) e das súas funcións na oración. - O pluscuamperfecto e futuro perfecto de indicativo activo. - Identificación da morfoloxía do pluscuamperfecto e futuro perfecto de indicativo activo e uso. <p>A tradución:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Aplicación correcta dos coñecementos morfolóxicos na tradución directa e inversa de oracións sinxelas, con especial interese na morfoloxía e sintaxe verbal e das preposicións de lugar. 	<p>Coñecer a morfoloxía dos pronomes demostrativos e aplicar o seu coñecemento na tradución de textos.</p>	<p>Identifica as formas e significados dos pronomes demostrativos e as funcións que desempeñan.</p>	<p>CCL, CMCT, CD, CAA, CSC, SIEP</p>
		<p>Coñece e identifica a formación do pluscuamperfecto e futuro perfecto de indicativo activo.</p>	<p>CCL, CMCT, CD, CAA, CSC, SIEP, CEC</p>
		<p>Aplica correctamente os coñecementos lingüísticos estudados ata o momento na tradución de oracións latinas e a retroversión.</p>	<p>CCL, CMCT, CD, CAA, CSC, SIEP, CEC</p>

Temporalización: maio.

Grao mínimo de consecución para superar a materia:

- Coñecemento das principais características da relixión romana: as divindades.
- O pluscuamperfecto e futuro perfecto de indicativo activo.

UNIDADE 9

Contidos	Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliábeles	CC
<p>A familia e a educación.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Identificación dos principais tipos de matrimonio romano e as súas características, da infancia e educación dos nenos e mozos romanos. Comparación co matrimonio e a educación na sociedade moderna. 	<p>Coñecer os principais trazos da organización familiar, o matrimonio e a infancia, así como o proceso de formación dos mozos.</p>	<p>Recoñece os principais tipos de matrimonio e as súas características, os principais fitos da infancia dun neno romano e as etapas na súa educación.</p>	<p>CCL, CMCT, CD, CAA, CSC, CEC</p>
<p>O lecer e os espectáculos en Roma.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Coñecemento das principais manifestacións de lecer na sociedade romana e comparación destas coas manifestacións de lecer actuais. 	<p>Coñecer as principais manifestacións de lecer na sociedade romana.</p> <p>Analizar e valorar esas manifestacións de lecer en relación coas actuais.</p>	<p>Coñece as principais manifestacións de lecer da sociedade romana e analiza o seu significado na sociedade romana e na actual.</p>	<p>CCL, CMCT, CD, CAA, CSC, CEC</p>
<p>A lingua latina.</p> <ul style="list-style-type: none"> - O infinitivo. - Recoñecemento da morfoloxía do infinitivo presente. - Os valores dos casos. - Identificación dos valores principais dos casos e aplicación dos mesmos na súa tradución. <p>A tradución:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Aplicación correcta dos coñecementos morfolóxicos e sintácticos na tradución directa e inversa de oracións sinxelas, con especial interese na morfosintaxe do infinitivo e das funcións dos casos. 	<p>Coñecer a morfoloxía de infinitivo presente activo e identificar os seus valores e funcións e aplicar o seu coñecemento na tradución de textos.</p> <p>Coñecer as principais funcións dos casos e aplicar o seu coñecemento na tradución de textos.</p> <p>Aplicar correctamente os coñecementos lingüísticos da unidade na tradución e retroversión de oracións sinxelas latinas.</p>	<p>Coñece e identifica as formas do infinitivo presente.</p>	<p>CCL, CMCT, CD, CAA, CSC, SIEP, CEC</p>
		<p>Identifica os valores dos casos latinos e aplícaos correctamente na tradución.</p>	<p>CCL, CMCT, CD, CAA, CSC, SIEP, CEC</p>
		<p>Aplica correctamente os coñecementos lingüísticos estudados ata o momento na tradución de oracións latinas e a retroversión.</p>	<p>CCL, CMCT, CD, CAA, CSC, SIEP, CEC</p>
<p>O léxico latino.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Aprendemos vocabulario: Substantivos e verbos latinos de frecuencia. 	<p>Coñecer léxico latino de frecuencia (substantivos e verbos) e a súa achega ao léxico da lingua materna do alumnado e doutras linguas modernas.</p>	<p>Coñece o léxico latino estudado na unidade e identifica a súa relación semántica ou léxica co léxico da propia lingua ou doutras linguas romances.</p>	<p>CCL, CMCT, CAA, SIEP CEC</p>

<p>- Expresámonos con palabras latinas: Estudio de latinismos de uso frecuente.</p> <p>- A creación de novos termos: O vocabulario da ciencia e da técnica: a sociedade, percepción e sentimentos.</p> <p>- Identificación no léxico da propia lingua e coñecemento do significado que achegan os principais lexemas estudados.</p>	<p>Coñecer os latinismos de uso frecuente.</p>	<p>Emprega correctamente os latinismos estudados na lingua propia.</p>	
		<p>Identifica os lexemas estudados no léxico científico e técnico da súa propia lingua e coñece o significado que achegan.</p>	<p>CCL, CMCT, CAA, SIEP, CEC</p>

Temporalización: xuño.

Grao mínimo de consecución para superar a materia:

- O lecer e os espectáculos en Roma.
- A familia e a educación.
- Os valores dos casos.

Porén, deberán realizarse os axustes curriculares que correspondan para cumprir co plan de reforzo do 1º trimestre e incluír as aprendizaxes que quedaron pendentes do curso previo (estas aprendizaxes figuran nos informes individualizados que se elaboraron en xuño).

D) CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

A avaliación será continua, porque os datos precisos para cualificar ao alumnado obteranse a través dun proceso continuo de observación: contidos que adquire, cales son as súas destrezas, hábitos de estudo...

Compre que o alumnado participe no proceso a través da autoavaliación, toma de conciencia do proceso de aprendizaxe, dos progresos obtidos e das dificultades atopadas e da coavaliación, que estimula a aprendizaxe entre iguais, a cooperación e o traballo en grupo.

Para a avaliación inicial realizarase unha proba diagnóstica dos coñecementos dos alumnos en certas cuestións básicas de morfoloxía e sintaxe española e galega, cuxa aplicación será necesaria no estudo da lingua latina.

A avaliación final valorará o rendemento obtido por cada alumno ao final de cada trimestre e do curso e farase tendo en conta o seu traballo na aula e o resultado acadado en probas escritas.

Os criterios de cualificación serán os seguintes:

<p>PROBAS ESCRITAS</p> <p>En cada trimestre haberá un mínimo de dous exames sobre a materia impartida na clase.</p> <p>Cada proba valorarase de 0 a 10 puntos.</p>	<p>60%</p>
--	------------

<p>TRABALLOS TRIMESTRAIS En cada trimestre proporanse traballos individuais ou colectivos sobre a historia e a mitoloxía de Roma. Tamén se poderá propor nalgún dos trimestres a representación teatral de adaptacións de obras clásicas.</p>	<p>20%</p>
<p>TRABALLO E ACTITUDE Valoraranse a atención, o cumprimento das tarefas, o esforzo, a participación e, en xeral, a actitude cara á materia, o profesorado e o resto de compañeiros e compañeiras.</p>	<p>20%</p>

ADEMAIS:

- Nas probas escritas terase en conta a corrección ortográfica. Por cada 20 erros (gramaticais ou ortográficos) poderase descontar ata 1 punto e este será o desconto máximo.
- No caso de advertir que un alumno ou unha alumna copiou nunha proba ou nun traballo, retirarase o exercicio en cuestión e a nota será de 1 punto ou 0'10 puntos.
- Na valoración dos traballos terase en conta: puntualidade á hora da entrega (10%), presentación (10%), orixinalidade (10%), redacción (30%) e contidos (40%).

Na proba extraordinaria de xuño o 100% da nota corresponderá ao exame escrito.

No que atinxe aos criterios de promoción e titulación, axustarémonos ao disposto na LOMCE (Lei orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa) e no decreto que a desenvolve na nosa Comunidade autónoma (Decreto 86/2015 polo que se establece o currículo da Educación secundaria obrigatoria e do Bacharelato na Comunidade autónoma de Galicia).

E) INDICADORES DE LOGRO

Na seguinte táboa rexistrárase o número de alumnos que van alcanzando os obxectivos indicados.

Comprobarase o grao de adquisición dos indicadores de logro con estas actividades:

- Observación do proceso de aprendizaxe mediante o seguimento dos traballos diarios individuais ou en colaboración e a intervención ou participación na aula.
- Realización de cuestionarios individuais e probas obxectivas de avaliación.
- Revisión dos cadernos.
- Observación da participación nos debates expostos polo profesor na aula.

	O	N	D	X	F	M	A	M	X
Cofece os trazos esenciais da relixión grega e romana e os deuses e mitos máis importantes.									
Le en voz alta textos latinos de certa extensión coa pronuncia correcta.									
Define o concepto de declinación e conxugación.									
Recoñece os deuses segundo a súa iconografía e a influencia que exerceu a súa representación na cultura europea.									
Cofece o concepto de linguas indoeuropeas e románicas.									
Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente.									
Identifica correctamente as principais formas derivadas de cada tema verbal latino: en voz activa o modo indicativo, tanto do tema de presente como do tema de perfecto.									
Identifica formas non persoais do verbo, como o infinitivo de presente.									
Recoñece as unidades tácticas do exército romano.									
Describe o foro romano.									
Identifica as conxugacións verbais latinas e clasifica os verbos segundo a súa conxugación a partir do seu enunciado.									
Valora a situación da muller en Roma.									
Realiza murais sobre a vida cotiá dos gregos e romanos: vestimenta, ritos de nacemento, etapas do ensino e calendario.									
Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal e pronominal latina, e explica as principais funcións que realizan dentro da oración.									
Valora criticamente os espectáculos públicos en Roma.									
Respecta culturas e ideas distintas ás propias.									
Analiza morfolóxica e sintacticamente frases sinxelas, identificando correctamente as categorías gramaticais presentes nas palabras con flexión e explicando as funcións na oración.									
Distingue as etapas da historia de Roma.									
Sabe enmarcar determinados feitos históricos no período histórico correspondente.									

Describe os trazos esenciais que caracterizan as sucesivas formas de organización do sistema político romano.									
Describe a organización da sociedade romana e explica as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha delas, en comparación cos actuais.									
Coñece o significado de certas locucións latinas de uso actual e sabe empregalas no seu contexto axeitado, cando se expresa na súa propia lingua.									

F) CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

Neste curso 2021/2022 atípico cómpre ter en conta un plan de continxencia no que se rexistren catro supostos que se poden dar en función do desenvolvemento da pandemia do COVID-19:

1. Que implica a todo o alumnado:
 - a. ENSINO PRESENCIAL, se non se excede o número de casos positivos no centro previstos pola Consellería de Sanidade ao longo do ano académico.
 - b. ENSINO TELEMÁTICO OU DIXITAL, con medidas para o caso de suspensión da actividade lectiva.
 - c. ENSINO COMBINADO OU SEMIPRESENCIAL, o alumnado asiste nunha parte do seu horario ao centro e o resto da docencia será a distancia mediante ferramentas dixitais.
2. Que afecta só a parte do alumnado:
 - d. O ALUMNADO EN CORENTENA, que non asistirá ao centro por un período de 14 días, ha de continuar co desenvolvemento do curso do mesmo xeito que o resto que continúa nas clases.

No suposto do **ENSINO PRESENCIAL** o desenvolvemento das clases implicará o uso do libro de texto e de actividades orais e escritas participativas, así como das ferramentas dixitais ou bibliográficas precisas en cada caso. A riqueza da presencialidade está en poder interactuar sen intermediarios, na espontaneidade que se perde ante o encorsetamento dixital. Así, as actividades resultan máis dinámicas, libres e gaña o colectivo fronte á individualidade.

No caso do **ENSINO TELEMÁTICO OU DIXITAL** a metodoloxía será a seguinte:

En primeiro lugar debemos sinalar que o traballo se organizará semanalmente, achegándolles todo o material preciso nun día acordado e dándolles o prazo dunha semana para elaborar as distintas tarefas.

Para proporcionarlles os materiais e as tarefas empregaremos a AULA VIRTUAL do centro. Porén a recepción destas será a través do CORREO ELECTRÓNICO DE GMAIL pois é o que mellor resultado nos deu no curso pasado (ten máis capacidade e pareceulles máis doado de empregar).

Estableceremos tamén, como mínimo, unha VIDEOCONFERENCIA SEMANAL a través da ferramenta que nos proporciona a Consellería (CISCO WEBEX MEETINGS) onde lles explicaremos os novos contidos, comentaremos os traballos feitos, resolveremos dúbidas e, se nos dá tempo, comezaremos a facer as tarefas en grupo.

Ademais crearemos un GRUPO DE WHATSAPP para unha comunicación máis directa: dúbidas puntuais de cada un, anuncios conxuntos, problemáticas que xorden (por exemplo que se lle estragou o ordenador)...

Se finalmente se acorda o **ENSINO COMBINADO OU SEMIPRESENCIAL**, aproveitaremos as clases na aula para a explicación da materia (tanto para aprendizaxes novas como para o repaso ou a ampliación) e deixaremos a realización de exercicios e actividades para a docencia a distancia a través das ferramentas dixitais, onde o traballo xa pode ter un carácter máis individualizado.

Por último, no suposto do **ALUMNADO EN CORENTENA**, prevese que a meirande parte da clase continuará no centro e poderá desenvolver o curso con normalidade, polo que o alumnado recluído poderá participar mediante videoconferencia co grupo e se lle achegarán os materiais a través da plataforma que corresponda segundo o nivel educativo, tal como se indica no ensino telemático.

Como depositarios duns valores e coñecementos que nos chegan fundamentalmente pola vía dos textos escritos, consideramos que a interpretación de tales textos ten que ser o obxectivo fundamental das materias obxecto da programación.

Para a súa correcta interpretación é necesario coñecer, loxicamente, o vehículo de transmisión destes, as lingua na que está escrito, o latín. Con esta finalidade organizamos os contidos en catro apartados:

- O primeiro é a base lingüística do latín e a súa estrutura gramatical. Nel estúdanse as categorías gramaticais, a flexión, as relacións sintácticas. Non se separa o seu contido do galego, do castelán nin das linguas modernas, ás que serve de apoio na aprendizaxe porque organiza o seu sistema lingüístico de modo semellante e presenta estruturas parecidas. Así podemos sacar o maior froito exemplificando convenientemente.

A principios de curso realizarase unha proba diagnóstica dos coñecementos dos alumnos en certas cuestións básicas de morfoloxía e sintaxe española e galega, cuxa aplicación será necesaria no estudo das linguas latina e grega.

- A lectura comprensiva de oracións ou textos adecuados segundo o nivel do estudante, a súa interpretación e tradución forman o segundo núcleo e supón ademais do estudo dos elementos lingüísticos básicos, un espazo de análise e síntese, de asociación e abstracción, que pode favorecer notablemente aos alumnos estruturando os seus hábitos científicos.
- O núcleo terceiro refírese ao léxico e supón un achegamento e recoñecemento do vocabulario latino. Pretendemos afondar no significado das palabras, unha ampliación dos usos léxicos e unha incidencia dos termos clásicos no mundo moderno.
- O cuarto núcleo está formado por todos os datos que se deriven da interpretación dos textos en lingua orixinal. A nosa intención é por en contacto aos alumnos cos aspectos máis salientables da civilización romana, sexan literarios, políticos, relixiosos, artísticos ou xurídicos.

É unha metodoloxía eminentemente activa na que a normativa gramatical debe deducirse da tradución. Somos partidarios de que o alumnado aprenda poucas regras gramaticais. Así mesmo pretendemos implicar ao alumnado no proceso de aprendizaxe, achegando os contidos a súa experiencia e intereses.

En concreto atenderemos as seguintes pautas na aula:

- Estimularase a expresión oral e escrita.
- Colaborarase para que os alumnos acaden métodos de traballo efectivos, con prácticas de resumo, esquemas e discusión sobre os textos.
- Planificarase e elaborarse diferentes traballos de investigación.
- Facilitarase a progresión na aprendizaxe da materia: os contidos, unha vez asimilados, son retomados constantemente ao longo do proceso educativo.
- Fomentarase a interrelación e a globalización á hora de enfrontarse cos contidos dunha unidade.
- Utilizaranse presentacións de mitoloxía e doutros temas, documentais de arqueoloxía e de mitoloxía, películas de temática clásica, etc. e recursos informáticos.
- Visitarase a biblioteca do instituto con asiduidade para obter datos para os traballos que deben realizar os alumnos e buscar libros de lectura que interesen ao alumnado.
- O traballo diario é fundamental e o profesor debe coñecer ese traballo. Se o alumno non participa na clase, o profesor non poderá medir acertadamente o seu progreso.
- Tratarase de utilizar o método ensaio/erro: o profesor explica e manda actividades, o alumno traballa e responde por elas, pode ou non errar, e o profesor entón corríxeo. Por iso, é obriga do alumno preguntar todas as súas dúbidas.

G) MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Como material principal utilizaremos o libro de texto da editorial Anaya. Non será obrigatorio que os alumnos o teñan persoalmente, senón que o profesor daralles copias sempre que sexa necesario.

Tamén usaremos outros materiais, como:

- Distintos documentos, exercicios e textos achegados polo profesor.
- Obras literarias clásicas traducidas.
- Libros e revistas preferentemente de divulgación xuvenil de historia antiga e arte do fondo da biblioteca do instituto.
- Presentacións sobre arte, urbanismo, mitoloxía, relixión.
- Mapas do mundo antigo.
- Películas de tema mitolóxico ou histórico.
- Documentais sobre o mundo antigo.
- Utilizaremos para consulta dos diversos aspectos da cultura latina algúns dos innumerables e cambiantes recursos que ofrece Internet. Ofrecemos unha pequena selección destes recursos coa dirección do sitio e un breve comentario:

- <http://www.unicaen.fr/rome/index2.html>

Páxina da Universidade de Caen na que se mostra a maqueta de Roma de P. Bigot, con tres posibilidades: *Xeográfica* (por zonas de Roma). *Temática* (agrúpanse edificios pola súa función: relixiosos, civís, espectáculos, etc.). *Histórica* (agrupa os edificios e monumentos por épocas históricas).

- <http://www.pantheon.org/mythica>

Enciclopedia de mitoloxías de todo o mundo.

- http://www.siue.edu/COSTUMES/COSTUME1_INDEX.HTML

Recolle en imaxes a historia da vestimenta de todas as épocas e lugares, incluída Roma.

- <http://witcombe.sbc.edu/ARTHancient.html#Roman>

Páxina sobre a arte da Antigüidade.

- <http://www.virtualrome.com/virtualtour/virtualtour.html>

Recursos para unha visita á Roma actual. Inclúe mapas e acceso directo a monumentos.

- <http://www.jura.uni-sb.de/Rechtsgeschichte/lus.Romanum/english.html>

Páxina sobre un proxecto relativo ao Dereito Romano.

- <http://www.uky.edu/ArtsSciences/Classics/gender.html>

Materiais para o estudio sobre a muller no mundo antigo.

H) MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Un dos principios básicos que debe ter en conta a intervención educativa é o da individualización, consistente en que o sistema educativo ofrezca a cada alumno ou alumna a axuda pedagóxica que este necesite en función das súas motivacións, intereses e capacidades de aprendizaxe. Xorde diso a necesidade de atender esta diversidade. En 4º de ESO onde as diferenzas persoais en capacidades específicas, motivación e intereses adoitan estar bastante definidas, a propia organización do ensino permite que os propios alumnos e alumnas dean resposta a esta diversidade mediante a elección de modalidades e optativas. Non obstante, desde as

propias materias é conveniente dar resposta a un feito constatable: a diversidade de intereses, motivacións, capacidades e estilos de aprendizaxe que os alumnos e as alumnas manifestan.

Dar resposta a esta diversidade non é tarefa doada, pero si necesaria, pois a intención última de todo proceso educativo é lograr que os alumnos e as alumnas acaden os obxectivos propostos. Polo tanto estableceranse medidas adecuadas para atender esta diversidade se é necesario, tendo en conta as carencias que en ocasións presentan os alumnos: dificultades para a comprensión e expresión oral e escrita, falla de hábitos de traballo e estudo...A atención ás diferenzas individuais abrangerán os diversos aspectos da materia: contidos, actividades e materiais utilizados.

- Atención á diversidade na **programación dos contidos**, presentándoos en dúas fases: a información xeral e a información básica, que se tratará mediante esquemas, resumos, paradigmas, etc.
- Atención á diversidade na **programación das actividades**. As actividades constitúen un excelente instrumento de atención ás diferenzas individuais dos alumnos e as alumnas. A variedade e abundancia de actividades con distinto nivel de dificultade permite adaptarse ás diversas capacidades, intereses e motivacións.

Medidas posibles:

- Selección de actividades en función da diversidade do alumnado (actividades de desenvolvemento, de consolidación, de recuperación e ampliación).
- Agrupamentos apropiados para a mellor atención desa diversidade e interacción dos alumnos e as alumnas.
- Apoio específico por parte do profesor, en función das necesidades dos alumnos e as alumnas.
- Se é o caso, adaptación das actividades en función do ritmo de aprendizaxe do alumnado.
- Repaso das nocións xa vistas con anterioridade e consideradas necesarias para a comprensión da unidade, tomando nota das lagoas ou dificultades detectadas.
- Introducción de cada aspecto lingüístico, sempre que iso sexa posible, mediante as semellanzas ou permanencia destes na lingua propia do alumnado.
- Realización de exercicios apropiados e o abundantes e variados que sexa preciso, co fin de afianzar os contidos lingüísticos, culturais e léxicos traballados na unidade.

1) AVALIACIÓN INICIAL

Realizarase unha **proba diagnóstica**, que marcará claramente a metodoloxía a seguir.

Constará de tres partes:

- Na primeira, mediante unha serie de preguntas que precisan unha resposta concisa, avalíaranse os coñecementos previos dos alumnos en certas cuestións básicas de historia e cultura antigas (relixión e arte principalmente).
- A segunda consistirá na lectura atenta dun texto e facer un resumo, co fin de coñecer a competencia na comprensión lectora e na escrita das que partimos.
- Preguntaranse certas cuestións básicas de morfoloxía e sintaxe española e galega, cuxa aplicación será necesaria no estudo da lingua latina.

L) ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Os temas transversais están integrados nesta programación do seguinte xeito:

Educación para a igualdade entre sexos:

- Recoñecer en textos clásicos e actuais situacións nas que se produza calquera tipo de discriminación por razón de sexo.
- Reflexionar e opinar sobre as situacións observadas, achegando posibles solucións para evitar a discriminación.
- Alcanzar o compromiso de evitar, en calquera situación comunicativa, formas, termos e expresións que denoten discriminación.
- Rexeitamento ante calquera situación, da vida cotiá e de relación social, de discriminación por razón de sexo.
- No tema da familia e da muller na sociedade romana convén que o profesorado dirixa e guíe unha charla ou un debate sobre o papel da muller na sociedade clásica e a súa comparación coa vida actual.

Educación moral e cívica:

- Utilizar a lingua oral e escrita como instrumento para relacionarse cos demais e chegar a acordos.
- Reflexionar sobre o uso da lingua como medio para transmitir ideas, pensamentos e opinións, respectando os xuízos e opinións alleos.
- Alcanzar un compromiso persoal para a conservación do patrimonio artístico, lingüístico e cultural.
- Aproveitar a explicación dos contidos relacionados coa organización relixiosa en Roma e Grecia para comparalos cos actuais e motivar o respecto da diversidade cultural e relixiosa.
- Potenciar o recoñecemento da propia identidade e as capacidades propias, fronte a calquera tipo de superstición.
- Ao coñecer os mitos e lendas das culturas clásicas, comprender a existencia da diversidade cultural e apreciar a propia como procedente daquelas.

Educación para a paz

- Analizar e recoñecer nos textos clásicos as achegas de personaxes de calquera ámbito do mundo clásico no fomento da paz, as relacións entre os diversos pobos e a convivencia.
- Aplicar as normas que rexen o intercambio comunicativo, sabendo respectar e aceptar as achegas dos demais.
- Apreciar e valorar a diversidade lingüística e cultural de España e Europa como mostra da diversidade e riqueza culturais.
- Aproveitar o contido sobre a orixe do latín e as linguas románicas, para falar da diversidade lingüística, a tolerancia e o respecto polas diferentes linguas, e tamén as diversas modalidades dunha mesma lingua.

Educación ambiental

- Recoñecer e identificar na contorna próxima restos arqueolóxicos que se relacionen coa cultura clásica.
- Manter un compromiso e unha implicación persoal para lograr o mantemento e conservación de toda pegada do mundo clásico na contorna natural, sabendo apreciar os avances tecnolóxicos e o respecto das antigas civilizacións pola natureza.

M) ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Para o presente curso 2021/2022 pretendemos levar a cabo algunha saída complementaria e extraescolar que pode variar en función da situación pandémica:

- No caso de permitirse saídas puntuais poderíamos acudir a algún dos lugares de Galicia onde se observa unha maior pegada romana (por exemplo a cidade de Lugo, a vila de Cambre, etc.).
- Se, pola contra, están permitidas as saídas que impliquen pernoctacións poderíamos barallar a visita a lugares tales como Segovia, Mérida, Itálica (Santiponce en Sevilla) ou similar.

N) MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN

Para avaliar a propia avaliación valorarase o grao de cumprimento dos seguintes ítems:

- Se establece os criterios e os instrumentos de avaliación que permiten facer o seguimento do progreso de aprendizaxe dos alumnos e alumnas.
- Se utiliza diferentes técnicas de avaliación en función dos contidos, o nivel dos estudantes, etc.
- Se planifica actividades e recursos axustados ás necesidades e aos intereses do alumnado.
- Se selecciona e secuencia de forma progresiva os contidos tendo en conta as particularidades de cada un dos grupos de estudantes.
- Se axusta o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica.
- Se formula actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe e as destrezas propias da etapa educativa.
- Se formula actividades en grupo e individuais.
- Se estimula a participación activa dos estudantes na clase.
- Se promove a reflexión dos temas tratados.

Considerarase conforme a programación se:

- Se cumpre ao menos un 75% dos contidos programados ao principio do curso.
- Se non hai unha desviación na programación por avaliación máis aló dun 20% dos contidos programados.
- Sería igualmente conforme ou válida a programación, aínda que non se acadase o 75% antedito, se as razóns ou motivos son de carácter externo: perdas de horas de clase por razóns de diversa índole; ou se os niveis iniciais do alumnado, especialmente nos aspectos de carácter lingüístico nas súas linguas maternas, non se corresponderan co nivel marcado no DCB e obrigarán a variar o ritmo de adquisición de contidos previsto; ou se o seu baixo nivel de cumprimento é atribuíble claramente a unha falta de implicación e traballo do alumnado.

0) APROBACIÓN POLO DEPARTAMENTO

Os membros do Departamento de Lingua Galega e Literatura do CPI O Cruce de Cerceda, na reunión celebrada o 14 de setembro de 2021, acordamos aprobar esta programación e para que así conste asinamos o presente documento.

Cerceda, 14 de setembro de 2021.

Leonardo Fernández Campos

Amelia Rodrigues Esteves